

**REUNIÓN DA COMISIÓN NON  
PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO  
SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA,  
SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA  
CRISE DA COVID-19**

Día: 27.10.2020      Hora: 13:00

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de outubro de 2020, ás 13:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Aprobación do Plan de traballo da Comisión.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Diego Calvo Pouso  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Diego Calvo Pouso

P

Vicepresidenta

María Encarnación Amigo Díaz

P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños

BNG

## Vogais

Gonzalo Caballero Miguez

S

Paloma Castro Rey

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Ana Pontón Mondelo

BNG

Paula Prado del Río

P

Pedro Puy Fraga

P

Ovidio Rodeiro Tato

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Reunión da Comisión non permanente especial de estudo sobre a  
reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da  
covid-19

Día: 27.10.2020 Hora: 13:00

Orde do día

1. Aprobación do Plan de traballo da Comisión.

## **PROPOSTA DE PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19**

(Elaborada pola Mesa da Comisión o 26 de outubro de 2020, conforme ao disposto no artigo 3 d) das súas Normas de funcionamento)

Coa finalidade de precisar o traballo a desenvolver pola Comisión e o contido das comparecencias e dos informes a requirir, abordaranse os seguintes ámbitos de análise:

### **1. CONTIDO**

Para cumprir o obxecto da Comisión establecido nas súas Normas de funcionamento, distribúese o traballo entre comparecencias e petición de documentación, na procura dun equilibrio entre as principais áreas de análise da Comisión: economía, política social, sanidade, educación, cultura, institucional, igualdade.

### **2. FASES DO TRABALLO EN COMISIÓN**

#### **PRIMEIRA FASE: SOLICITUDE E ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN**

A Comisión solicitará a seguinte documentación, co rogo de que sexa incorporada á mesma en canto sexa posible:

1. Informe dos sindicatos máis representativos
2. Informe Confederación de Empresarios
3. Plan de reactivación de Galicia: informe financeiro
4. Informe Federación Galega de Confrarías
5. Informe de ANFACO- Conservas
6. Informe de CONXEMAR - Conservas
7. Informe Federación Galega de Construción
8. Transcripción da comparecencia do Gobernador do Banco de España na Comisión de Reconstrución do Congreso
9. Informe FEDEA: *Por un pacto político y social en torno a una estrategia de reactivación y crecimiento inclusivos*
10. Informe FEDEA: *El impacto de la crisis del Covid sobre el PIB de las Comunidades autónomas en 2020: una primera aproximación*
11. FORO ECONÓMICO DE GALICIA: Impacto Covid-Entrega 2

12. FUNCAS: *Impacto del Covid-19 sobre el déficit y la deuda en 2020: más dañino de lo inicialmente previsto*
13. RED GEM España: *La situación del emprendimiento en Galicia ante la crisis del Covid*
14. BBVA: *Impacto macro de la Covid-19 en España*
15. BBVA: *Observatorio Regional 4º trimestre 2020*
16. CONSELLERÍA DO MAR: Plan Avantemar de recuperación do sector marítimo pesqueiro e da cadea mar-industria
17. *Declaración para a reactivación económica y social de Galicia*, asinada polos sindicatos e CEG o 23 de setembro
18. DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN: Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación da formación para o emprego.
19. Informe sobre as necesidades da axilización administrativa
20. Informe final da Comisión de Expertos Económicos para afrontar a crise provocada pola Covid-19 (Documento completo máis resumo executivo)
21. Plan Estratéxico de Galicia e toda a documentación relativa ao mesmo.
22. Estratexia Loxística de Galicia
23. Informe sobre o Corredor Atlántico
24. Plan de reactivación do medio rural
25. Informe ATA sobre a situación dos traballadores autónomos en Galicia tras a crise da covid e propostas de actuación.
26. Informe do IGVS sobre a rehabilitación de vivendas
27. Informe do IGVS sobre o solo empresarial
28. Estudo custo-beneficio que acredita a rendibilidade social e económica da saída sur de Vigo
29. Documentación remitida á Unión Europea para acceder aos fondos de reconstrución *NEXT GENERATION UE*, e ao novo programa operativo FEDER 2021-2027, nomeadamente a Estratexia de Crecemento Verde de Augas de Galicia
30. Pregos da Estratexia Loxística de Galicia 2020-2028
31. Pregos da Estratexia Loxística de Mobilidade
32. Proposta sobre a rebaixa de peaxes da AP-9 remitida ao Ministerio de Fomento.
33. Plan de reactivación do sector turístico de Galicia
34. Plan de reformulación do Xacobeo 2021
35. Informe sobre as axudas para a reactivación dos locais de lecer nocturno
36. Documento remitido polo Presidente da Xunta de Galicia ao Presidente do Goberno de España con proxectos para a súa inclusión nos fondos *Next Generation UE*
37. Informe sobre o plan de reactivación económica
38. Informe do Colexio de Graduados Sociais de A Coruña
39. Informe do Colexio de Graduados Sociais de Ourense
40. Informe ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

41. Informe de AGEINCO (cluster da enxeñería e servizos tecnolóxicos)
42. Informe ao Grupo de Economía Pesqueira da USC “Impacto do Brexit no sector pesqueiro e repercusión da pandemia”
43. Informe: *El material de construcción sostenible del S XXI, Consello de Administración Forestal (FSC)*.
44. Informe: *Evaluación Intermedia de la Estrategia de Especialización Inteligente 14-20 (RIS), GAIN*
45. Informe do sector TIC con especial relevancia no teletraballo, comercio electrónico e economía dixital en xeral e no turismo en particular, Cluster TIC.
46. Informe Plan de Acción para a mellora da competitividade da cadea de valor da loxística ante o reto da economía baixa en carbono (Galicia *Green Logistics*), Igape.
47. Informe sobre os fondos europeos no contexto da covid-19 da Fundación Galicia Europa
48. Informe sobre Estratexias Galega de Economía Circular e de Estratexia Cambio Climático e Enerxía 2050 xa aprobadas.
49. Informe IGVS sobre o Pacto Social por a Vivenda
50. Informe AGALIN (asociación Axentes propiedade inmobiliaria) sobre solucións técnico xurídicas para os alugueiros de locais e vivendas de actividades e persoas afectadas por peches polo decreto de estado de alarma
51. Informe ao Dr. Juan Raposo Areceo, Facultade de Dereito (Universidade da Coruña) sobre execución de planeamento e necesidades e opcións para acelerar a súa tramitación e así activar a economía.
52. Informe da Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE-Galicia)
53. Análise sobre o impacto do coronavirus nas residencias de Galicia, a cargo de expertos sanitarios
54. Liñas xerais do novo modelo de residencias
55. Análise dos retos desta década a nivel demográfico tralo impacto da Covid-19
56. Plan de Continxencia da Consellería de Política Social
57. Informe á Asociación Galega de Residencias Privadas da Terceira Idade sobre a situación e necesidades da pandemia.
58. Informe de Santiago González Avión sobre o impacto da pandemia da covid-19 na problemática da pobreza e inclusión social
59. Informe UNICEF-Galicia sobre o impacto da pandemia da covid-19 na infancia
60. Informe ao Goberno de España da documentación relativa ao impacto da covid-19 nas residencias nas distintas comunidade autónomas
61. Documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*
62. Informe sobre previsións e melloras de infraestruturas sanitarias (hospitais e centros de saúde)
63. Plan de saúde mental

64. Informe do SERGAS sobre os contratos de subministracións por trámite de urxencia realizados durante a crise sanitaria
65. Informe do SERGAS sobre a contratación extraordinaria de persoal realizada durante a crise sanitaria
66. Informe do SERGAS sobre previsión de necesidades futuras de recursos humanos \*  
Informe sobre os protocolos asistenciais e de rastrexo elaborados durante a crise sanitaria
67. Informe do SERGAS sobre os efectos da crise sanitaria na saúde mental
68. Informe do SERGAS sobre posibles secuelas a longo prazo na poboación que padeceu a Covid-19
69. Informe do SERGAS sobre perspectivas de melloras na prestación farmacéutica
70. Informe PISA
71. Informe sobre inserción laboral de titulados de FP de Galicia e de titulados do SUG
72. Catálogo de perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especializadas universitarias
73. Informe dos tres reitores
74. Informe dos Consellos Sociais das universidades galegas
75. Protocolos de Covid-19 educativos-sanitarios
76. Plan de Reactivación Cultural de Galicia
77. Memoria Anual de actividades culturais de Galicia (tres últimos anos)
78. Memoria Anual da Cidade da Cultura de Galicia (tres últimos anos)
79. Informe sobre festivais de Galicia.
80. Informe do Consello da Cultura Galega
81. Protocolos Covid-19 sanitario-culturais
82. Plan de reactivación do sector turístico de Galicia
83. Informe das necesidades das administracións locais como consecuencia da pandemia por Covid-19
84. Informe de necesidades dos colexios profesionais (a valorar polas diferentes consellerías)
85. Informe de resultados do Plan de reactivación da xustiza en Galicia
86. Informe cooperación transfronteiriza
87. Informe do Ministerio de Igualdade e do Instituto da Muller: “A perspectiva de xénero, esencial na resposta á Covid-19”
88. Informe sobre os centros de información ás mulleres da Secretaría Xeral de Igualdade
89. Informe sobre o Plan de reforzo para as mulleres vítimas de violencia de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade
90. Informe do profesor Jose Julio Fernández, da área de Dereito Constitucional da USC sobre necesidades lexislativas para afrontar a pandemia da covid-19: antecedentes e alternativas.

Habilitación a disposición do conxunto da cidadanía dunha caixa de correo telemática co fin de que todas aquelas persoas, asociacións, etc. con domicilio na comunidade autónoma poidan facer



chegar aquelas suxestións que estimen oportunas e que sexan congruentes cos obxectivos, contido e plan de traballo desta Comisión.

## **SEGUNDA FASE: COMPARECENCIAS**

Comparecencias das seguintes persoas ou representacións:

1. Santiago Lago (Foro Económico de Galicia)
2. Emilio Bruquetas (Director xeral de Reganosa e membro do Comité de Expertos)
3. Francisco Conde (Vicepresidente 2º da Xunta de Galicia)
4. Miguel Corgos (Director Xeral de Planificación e Orzamentos)
5. Agustín Hernández (Presidente do CES)
6. Cesáreo Pardo (Presidente do Clúster de Turismo)
7. Miguel Vázquez Taín (Presidente do Consello Galego de Economistas)
8. Víctor Nogueira (Presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar)
9. José Manuel Andrade (Presidente da Fundación Juana de Vega)
10. José Antonio Pérez Sieira (Presidente da Federación Galega de Confrarías)
11. Inés Santé Riveira (Directora Xeral de AGADER)
12. Fernando Guldrís (Director do IGAPE)
13. Francisco Menéndez (Director da Axencia Galega de Infraestruturas)
14. Sagrario Pérez Castellanos (Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático)
15. Pablo Ramil Rego (Director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) e profesor de Botánica da USC)
16. Gumersindo Feijoo (Viceireitor da USC, especialista sobre a estratexia de Cambio Climático)
17. Doutor Fernando Lamelo (Coordinador do Equipo Covid-19 nas residencias do CHUAC)
18. Eloína Ingerto (Presidenta de EAPN Galicia-Rede Galega contra a pobreza)
19. Iker Sertucha (Presidente do CERMI-Galicia)
20. Antón Acevedo (Director Xeral de Atención Integral Sociosanitaria)
21. Paula Gundín (Directora das escolas infantís “Os Pequerrechos”)
22. Carmen Blanco (Familiar de residente en DomisVI-Coruña)
23. Santiago González Avión (Experto en pobreza e inclusión social)
24. Antonio Fernández-Campa (Xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde-ACIS)
25. Tato Vázquez Lima (Coordinador do Servizo de Urxencias de Hospital do Salnés e presidente da Sociedade de Urxencias e Emerxencias (seme) en Galicia)
26. Gustavo Gómez (Socio director de *Bahía Software*)
27. Estrella López Pardo (Directora de Procesos e Soporte na Área Sanitaria do Salnés)
28. Luis Verde (Xerente da Área Sanitaria de A Coruña)

29. Pedro Rascado (Especialista en medicina intensiva do CHUS e membro do Comité Clínico)
30. Antonio Rodríguez del Corral (presidente del cluster TIC)
31. José Luís Mira Lema (Secretario Xeral de Educación)
32. José Leis Leis Blanco (Director do CIFP Politécnico de Santiago)
33. María Fernández (Membro do Comité Educativa e Directiva da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra)
34. Juan Manuel Buján (Presidente das Escolas Católicas de Galicia)
35. Comparecencia conxunta dos tres reitores das universidades galegas
36. Comparecencia conxunta dos representantes dos consellos sociais das universidades galegas.
37. Fran Núñez Alonso (Director do Centro Dramático Galego)
38. Mamen Quintás (Xerente de *Ficción Producciones*)
39. Rosario Álvarez (Presidenta do Consello da Cultura Galega)
40. Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Cultura)
41. José María Gómez y Díaz-Castroverde (Presidente do TSXG)
42. José Crespo Iglesias (Alcalde de Lalín e ex presidente da FEGAMP)
43. Antonio Cunha (Presidente da CCDRN)
44. Juan José Martín (Director Xeral de Xustiza)
45. María Bastida Domínguez (Profesora e doutora da Área de Organización de Empresas da USC)
46. Nora María Martínez Yáñez (Profesora de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo)

### **TERCEIRA FASE: INFORME EN PONENCIA**

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias, iniciaranse os traballos de elaboración da proposta de ditame en Ponencia.

No transcurso dos traballos de Ponencia, se fose necesario para elaborar a proposta de ditame e por iniciativa dun grupo parlamentario, a Comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ao seu obxecto.

### **CUARTA FASE: DEBATE E APROBACIÓN DA PROPOSTA DE DITAME POLA COMISIÓN**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Á Mesa da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do acordo da Comisión do 19 de outubro, **formula** as seguintes **suxestións** para a elaboración dunha **proposta de plan de traballo da Comisión**.

### **1. INTRODUCCIÓN**

A Galiza de outubro de 2020 é moi diferente á Galiza de hai apenas oito meses. O contexto social, económico e político mudou radicalmente no noso país e a nivel global desde a aparición da COVID19, que é agora o noso presente. A crise sanitaria e as súas consecuencias sociais, económicas e culturais representan un grande reto, que require dos máximos esforzos por parte do Parlamento Galego para comprender a realidade e actuar sobre ela.

Ao longo destes meses vimos unha situación inédita derivada da adopción de decisións políticas excepcionais como a aplicación do estado de alarma, a centralización en mans do goberno español de competencias políticas de Galiza, o decreto dun confinamento practicamente total da poboación e mesmo a suspensión de dereitos fundamentais. Ademais, é necesario avaliar pormenorizadamente as debilidades que ten o noso país en ámbitos tan relevantes como o da sanidade pública e o da atención ás persoas maiores, nomeadamente no ámbito das residencias, que continúan a ser un dos problemas máis graves que temos nestes momentos nos que Galiza experimenta importantes gromos. Así





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mesmo, é preciso analizar as medidas tomadas nos últimos meses para corrixir e impulsar novas alternativas nos planos económicos, sociais e culturais que dean unha resposta ambiciosa para reactivalos, e que Galiza non teña unha posición subsidiaria respecto de asuntos fundamentais como o reparto dos Fondos europeos para a COVID19.

A crise sanitaria, económica e social na que Galiza está inmersa precisa de reflexións colectivas urxentes, de diálogo político e de traballo en coordinación cos axentes sociais, económicos e culturais do noso país. Desta situación de emerxencia debemos tirar conclusións que permitan unha intervención política axustada á realidade social, económica, cultural e territorial galega e ás necesidades do noso pobo e das maiorías sociais para unha alternativa xusta e que permita o noso desenvolvemento.

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galiza pola crise da COVID19 debe traballar, coa maior urxencia posíbel, para concluír respostas e alternativas a unha crise sen precedentes e que abrangue de forma transversal múltiples aspectos da nosa sociedade, e poñelas en marcha nun momento no que a pandemia non só é unha realidade senón que todo parece indicar que experimentaremos novas vagas e gromos.

Para iso, este instrumento institucional da Cámara galega debe realizar unha análise rigorosa e a pescuda de todas as circunstancias relativas á xestión da pandemia, das causas estruturais que puideron condicionar a súa atención, da resposta dos servizos públicos, e das súas consecuencias nos ámbitos económicos, sanitarios, dos servizos sociais e residenciais, sociais e culturais así





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como debater e extraer propostas de actuación para intervir nas mesmas e impulsar un novo modelo económico, social e cultural.

## **2. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO**

2.1. Solicitude de documentación (finais de outubro-novembro)

2.2. Comparecencias (novembro)

2.3. Constitución da ponencia e elaboración do ditame (finais de novembro-décembro)

2.4. Debate e aprobación do ditame. Remisión do mesmo ao Pleno (décembro-xaneiro).

## **3. COMPARECENCIAS**

1. Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galiza
2. Representante da Comisión Next-GeneratiON Galiza
3. Federación galega de municipios e provincias (Fegamp)
4. Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)
5. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra
6. SOS Sanidade Pública (Plataforma en defensa da sanidade pública)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

7. Enfermeiras en loita
8. Médicas precarias
9. María Xosé Abuín (CIG-Saúde)
10. Plataforma Galega de Traballadoras/es en Investigación Sanitaria (PLAGTIS)
11. Movemento galego de saúde mental (MGS)
12. Ángel Carracedo (catedrático de Medicina Legal, investigador e xenetista)
13. Representante do Comité clínico de asesoramento da Xunta
14. Josefina Fernández Miguelez, conselleira delegada de DomusVI
15. José Luis Gavela Varela, presidente da Fundación San Rosendo
16. REDE (Asociacións de familiares e usuarios de residencias)
17. Traballadoras/es de Residencias de Galiza (TREGA)
18. Xunta de persoal de Política Social
19. Plataforma do Servizo de Axuda no Fogar de Galiza (SAF)
20. Rede Europea Contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-Galiza)
21. Comité de Entidades Representantes de Personas con Discapacidade de Galicia (CERMI)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

22. Coordinadora galega de ONGD
23. Dolores Puga (científica titular do CSIC)
24. Fernando Lacaci, portavoz de ANPAS Galegas
25. Confederación Galega de ANPAs (CONFAPA de centros públicos)
26. Reitores das tres universidades galegas (USC, Uvigo, UDC)
27. Suso Bermello, secretario xeral da CIG-Ensino
28. Organizacións sindicais obreiras (CIG, CC.OO, UGT)
29. Entidades representativas do traballo autónomo e outros sectores especialmente afectados pola COVID19
30. Edelmiro López Iglesias (Profesor titular da USC)
31. Foro de Economía social galega (FOROESGAL)
32. Xavier Lavandeira, catedrático de economía da Universidade de Vigo
33. María do Carme García Negro, doutora en Ciencias Económicas e empresariais
34. Anxo Ramón Calvo Silvosa, profesor titular da UDC, Economía Financeira
35. Organizacións sindicais agrarias (SLG, Fruga)
36. Foro Económico de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 37. Consello Económico e Social de Galiza (CES)
- 38. Rede de investigación de Galiza (InvestiGal)
- 39. Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA)
- 40. Organización galega de comunidades de montes (ORGACCMM)
- 41. Marcos Lorenzo. Economista, antropólogo e coordinador do posgrao en Xestión Cultural da USC.
- 42. Entidades profesionais dos sectores culturais galegos
- 43. Marcha Mundial das Mulleres
- 44. Iria Vázquez Silva (profesora interina e investigadora da UDC sobre migracións, traballo e xénero
- 45. Carmen Castro García, doutora en Economía, investigadora en políticas europeas, xénero e benestar social. Autora de *singenerodedudas.org*.

#### 4. SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN

- Informe CES sobre retos económicos, sectores estratéxicos e impacto da COVID-19 na economía galega.
- Actas das xuntanzas desenvolvidas polo comité clínico e os representantes da Xunta de Galiza na adopción das medidas de prevención e resposta fronte á COVID-19







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Informes técnicos elaborados ou remitidos ao Comité clínico sobre a evolución da COVID19 desde a declaración da emerxencia sanitaria até a actualidade
- Informe sobre o impacto de xénero da COVID-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes
- Informe sobre os residuos xerados pola COVID-19 e a súa xestión
- Datos da pandemia da COVID-19 (histórico, desagregado por idade, concellos, xénero, R0, incidencia acumulada... ) e previsión ou posíbeis escenarios de evolución da pandemia a curto, medio e longo prazo
- Informe sobre a xestión da pandemia COVID-19 nas residencias (protocolo de toma de decisións, criterios de intervención das privadas, cadea de mando, material distribuído, persoal asignado e/ou contratado, probas PCR realizadas, número de falecementos, ingresos hospitalarios, derivacións ás residencias integradas...)
- Expedientes abertos a residencias en Galiza desde a declaración da emerxencia sanitaria até a actualidade e inspeccións realizadas nas mesmas así como toda a documentación correspondente a elas
- Informe do Consello Galego de Benestar sobre a situación dos servizos sociais en Galiza tanto autonómicos como municipais sexan de xestión pública directa, externalizada ou privada
- Informe do Observatorio da Cultura Galega (CCG) sobre o impacto da COVID-19 na cultura e medidas a adoptar a futuro.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Actas das reunións da Comisión Next Generation
- Copia dos proxectos relativos aos fondos europeos remitidos por Galiza ao goberno central e/ou outras institucións.
- Actas, expedientes e documentación dos traballos do Comité de Expertos Económicos
- Copia dos plans de continxencia dos hospitais galegos.
- Informe sobre o recurso á débeda desde a declaración do Estado de Alarma á actualidade.
- Informe económico do Consello de Contas sobre a suficiencia do sistema público sanitario e do seu financiamento
- Informe sobre o sistema financeiro galego, as súas características e previsións (Competencia, Foro Económico)
- Informe do TSXG sobre o impacto da COVID19 na atención xudicial
- Informe da Fegamp sobre os gastos extraordinarios asumidos polos concellos, así como aqueles referentes ás competencias impropias
- Copia do Plan de reactivación e dinamización de Galiza e documentación da súa posta en marcha, orzamentos asignados e contías xa executadas así como información respecto da mobilización de recursos privados.
- Informe a respecto da recadación fiscal e das previsións para 2021 e 2022 así como do impacto dos beneficios fiscais vixentes.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Informe respecto do emprego do bono social eléctrico e térmico da Xunta de Galiza que contemple, cando menos, número de solicitantes, de persoas perceptoras novas e persoas que prorrogan o seu uso, contías mobilizadas, recursos propios empregados e transferencias do goberno central.

- Informe sobre o impacto da COVID19 no emprego en Galiza por sectores, xénero, réxime da Seguridade Social, etc.

- Informe específico sobre impacto da COVID19 nas PEMEs e no traballo autónomo

- Informe sobre o impacto da COVID19 por sectores culturais a realizar polas entidades representativas dos diferentes sectores do ecosistema cultural galego:

- Audiovisual: Academia Galega do Audiovisual, AGAPI
- Artes escénicas e do movemento: Asociación de Actrices e Actores, Academia Galega de Teatro, Plataforma de afectadxs CCG
- Música: Músicas ao vivo, Clubtura, FestGalicia, AGEM
- Música e baile tradicional: Asociación de Gaiteiros Galegos
- Xestión Cultural: Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural
- Libro: AELG, AGE, Federación de Librerías de Galiza
- Cooperativas: EspazoCoop.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Informe do comité clínico e educativo sobre o inicio do curso escolar 2020/2021 e das medidas adoptadas fronte á pandemia así como o seu impacto na comunidade educativa
- Informe do Consello Escolar de Galiza sobre o impacto da COVID19 no profesorado, alumnado e as familias.
- Informe sobre o impacto da COVID19 no deporte (profesional e non profesional)
- Informe sobre o despregamento da banda longa, acceso a tecnoloxía e fenda dixital, social e territorial en Galiza
- Informe sobre o comportamento, necesidades e potencialidades do sector primario como sector esencial
- Informe sobre o impacto da pandemia na saúde mental
- Informe sobre pobreza e emerxencia social en Galiza
- Informe sobre o sistema de investigación e innovación en Galiza
- Expedientes das análises de augas residuais realizadas como sistema de detección precoz da COVID19
- Informe sobre mobilidade e infraestruturas en Galiza: mudanzas e novas prioridades
- Informe detallado sobre cal é a situación real do cadro de persoal do Sergas, no que se especifique a relación de persoal fixo por categoría e EOXI, a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

relación de persoas en praza vacante por categoría e EOXI, a relación de prazas estruturais cubertas con contratos eventuais por categoría e EOXI,

- Informe detallado das contratacións realizadas en cada categoría e EOXI, especificando o tipo e motivo do contrato realizado, o número de contratos por persoa e a duración dos mesmos.

- Relación de actividade formativa para especialistas MIR/PIR/EIR, por EOXI, dos últimos once anos, así como dxs profesionais que se incorporaron ao Sergas no mesmo período

- Informe detallado dos servizos privatizados no SERGAS con indicación de situación actual, período de privatización, custe anual, fiscalización que se realiza...

- Informe de todas as derivacións realizadas polo SERGAS a centros privados nos últimos once anos, desglosados por patoloxías, centros hospitalarios e custes.

- Relación de todas as listas de espera en sanidade tanto estruturais como non estruturais, tanto para primeiras consultas, como sucesivas, probas diagnósticas así como intervención cirúrxicas

- Información sobre a contratación de servizos e de subministración levada a cabo no Sistema sanitario público nos últimos once anos.

- Expediente completo da contratación do procedemento negociado coa empresa Povisa S.A., así como, no seu caso, circunstancias ou modificacións sobrevividas dende o momento da súa adxudicación. Igualmente a este respecto,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

gasto anual realizado nos últimos 11 anos pola Administración autonómica, establecendo os distintos conceptos e especialidades polos que foron abonados á empresa Povisa S.A. Igualmente os informes ou auditorías de control realizados dende a Administración sanitaria no ámbito temporal do estudo pola Comisión os últimos once anos.

- Relación das actividades sanitarias concertadas realizadas polo SERGAS con entidades do sector privado en cada un dos últimos once anos, indicando as súas principais características (obxecto, importes, datas, empresas...) e a natureza ou non estrutural destas contratacións, indicando igualmente as EOXI e servizos obxecto de contratación.

- Listas de agarda estruturais e non estruturais (ou denominación similar ao uso) por EOXI e especializacións, por cada un dos últimos cinco anos.

- Listaxe de contratacións realizadas pola Consellaría de Sanidade fronte á pandemia da COVID19, obxecto das mesmas, empresas e contías.

- Toda a documentación relacionada coas intervencións públicas realizadas nas residencias de maiores privadas desde a declaración da emerxencia sanitaria até a actualidade.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2020 13:06:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/10/2020 13:06:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/10/2020 13:06:58**



## Á Mesa da Comisión

### non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, presente ante esa Mea a seguinte proposta de **Plan de traballo** da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

### Plan de traballo

## PROPOSTA DE PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN DE REACTIVACIÓN

### 1. INTRODUCCIÓN.

A pandemia da covid-19 implica unha crise sanitaria, económica e social que fai que nos atopemos ante unha situación extremadamente complexa. A primeira onda da pandemia provocou graves efectos na saúde da cidadanía e un alto número de falecementos e esa situación xunto ás medidas que houbo que adoptar implicaron unha forte caída no nivel de produción e nos principais indicadores económicos. Cando estamos xa afrontando unha segunda onda da pandemia, resulta evidente a importancia de analizar a situación e o acontecido ata agora coa pandemia para definir liñas de acción, medidas e propostas para a reactivación económica, social e cultural de Galicia.

Esta Comisión desempeña un papel fundamental na vida parlamentaria porque ten por obxecto a cuestión da reconstrución de Galicia nesta crise e este obxectivo vai marcar a axenda de toda a lexislatura. Trátase de estudar, analizar e realizar propostas de actuación nos distintos ámbitos de acción política con base na experiencia da xestión dos últimos meses e dirixidas á reactivación económica, social e cultural de Galicia ante a crise orixinada pola pandemia da covid-19, coa finalidade de protexer a cidadanía fronte á crise e promover o progreso da comunidade.

As normas da Comisión estableceron que o horizonte temporal desta sitúase no mes de xaneiro do 2021. Dada a evolución da pandemia, a relevancia estratéxica do asunto da reactivación de Galicia, que marcará toda a lexislatura, e o horizonte temporal dos fondos europeos da reconstrución, que non estarán dispoñibles ata 2021, o prazo de duración da comisión pode resultar escaso para desenvolver axeitadamente, e en profundidade, o traballo da mesma, e obriga a restrinxir e acoutar esta proposta de plan de traballo. Os grupos poderían decidir darlle máis tempo á comisión se evidenciase a necesidade do mesmo.

### 2. OBXECTIVOS PRINCIPAIS.

Esta Comisión abordará tanto a análise da situación actual e do acontecido na pandemia ata





agora, como as propostas de liñas de acción e medidas en todos os ámbitos relevantes para a reconstrución de Galicia. Trátase de programar e propoñer accións en todos os ámbitos necesarios, definindo ás posibilidades de actuación pública con instrumentos xerais e específicos nun contexto de situacións extraordinarias.

Esta crise implica grandes cambios na saúde, na sociedade, na economía, na cultura, e a elaboración de políticas públicas ten que poñerse ao servizo do obxectivo central da recuperación. Trátase de perfilar as grandes liñas para un novo tempo no que todo está cambiando.

A Comisión debe incorporar, como mínimo, ámbitos de traballo fundamentais para a reconstrución como os seguintes:

- A. Economía e industria, emprego, reto dixital
- B. Medio ambiente e transición ecolóxica
- C. Demografía
- D. Medio rural, Territorio
- E. Pesca
- F. Sanidade
- G. Política Social
- H. Educación
- I. Investigación e innovación
- J. Cultura
- K. Deporte
- L. Institucións e gobernanza
- M. Igualdade

### **3. PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS.**

A planificación dos traballos da Comisión será a seguinte:

1. Solicitude de información e documentación ás Institucións, Organismos e distintas Asociacións ou Entidades.
2. Petición de comparecencias aos representantes de Institucións, Organismos e distintas Asociacións ou Entidades, así como comparecencias de especialistas de recoñecido prestixio nos distintos ámbitos.
3. Convocatoria das sesións nas que se levarán a cabo ditas comparecencias e determinación da estrutura destas (determinación data e hora das sesións, tempos de duración das comparecencias, tempos de duración das intervencións dos e das titulares da Comisión).
4. Elaboración das propostas de ditame da Comisión.
5. Sesión de debate e aprobación do ditame da Comisión, e elevación deste ao Pleno do Parlamento.

### **4. INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.**

Por parte dos servizos do Parlamento de Galicia procederase a sistematizar todo tipo de lexislación, información e documentación, así como solicitar os informes, plans ou calquera outro tipo de documentación relacionada coa materia obxecto de estudo desta Comisión



parlamentaria das Institucións, dos Organismos, das Asociacións, das Entidades e da propia Administración Autonómica, tales como os que se detallan de seguido agrupados por ámbito de traballo:

## **A. ÁMBITO DA ECONOMÍA, INDUSTRIA E EMPREGO:**

### **Economía e industria:**

- Informe da Consellería de Economía sobre normas e proxectos europeos para Covid19
- Informe dos 10 Clusters de Galicia
- Informe do Consello de Contas.
- Informe do Consello Económico e Social de Galicia.
- Informe do Consello Galego de Economía e Competitividade.
- Informe da Xunta Superior de Facenda.
- Informe da Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente.
- Informe da Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios.
- Informe da Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe do Instituto Galego de Promoción Económica.
- Informe do Instituto Galego de Consumo e da Competencia.
- Informe do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.
- Informe do Consello Galego de Cooperativas.
- Informe da Comisión Galega de Artesanía.
- Informe da Comisión de Prezos de Galicia.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Axenda da competitividade Galicia: Industria 4.0.
- Informe da Asociación Galega da Empresa Familiar.
- Informe de Asime
- Informe de EOSA.
- Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020.
- Estratexia Galega de Acción Exterior.

### **Emprego:**

- Informe do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Informe do Consello Autonómico de Emprego.
- Estratexia(s) de emprego de Galicia dende 2009 a 2019.
- Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020.
- Informe do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Informe da Comisión Galega de Formación Profesional Continua.
- Informe do Observatorio da Violencia no Contorno Laboral.
- Informe da Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos.
- Informe da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.
- Informe da ATA.
- Informe da UPTA.
- Informe do Consello Galego do Traballo Autónomo.



- Informe do Consello Galego da Representatividade das Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe da Xunta Consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.
- Informe do Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega.
- Informe sobre o impacto da Covid-19 en materia de emprego por sectores produtivos que comprenda grupos de idades e sexos.
- Informe anual do persoal en cada oficina de emprego indicando o número de empregados/as.
- Información achegada aos técnicos de emprego das oficinas por parte da Consellería coa previsión da evolución do mercado de traballo no que está a Oficina de Emprego a nivel de ocupacións entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Información achegada aos técnicos de emprego das oficinas por parte da Consellería coa situación dos e das demandantes de emprego e procedemento, se o houbo, para acreditación ou comprobación de competencias, entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Plans de emprego e revisión dos mesmos coa evolución do mercado de traballo no que está a Oficina de Emprego a nivel de ocupacións entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Incentivos á contratación indicando por cada ano o orzamento aprobado por diferentes medidas e colectivos, o gasto realizado segundo o tipo de contrato, a idade e o sexo da persoa contratada entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Persoas contratadas por Concello, oficina de emprego e tipo de entidade contratante con salarios total ou parcialmente aboados pola Consellaría no marco de programas de cooperación ou similares entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Programas de obradoiros de emprego indicando o número do alumnado traballador por idade, nivel de estudos e sexo, especialidade formativa e obra a realizar entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Cursos de formación para desempregados/as impartidos no ámbito de cada oficina de emprego indicando idade e sexo do alumnado, código da especialidade e denominación da especialidade e alumnos/as que recibiron o certificado de profesionalidade entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Ofertas de emprego tramitadas por cada oficina de emprego indicando os CV enviados, como foron pechadas e a causa do seu peche entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Órganos colexiados e o número de reunións mantidas entre 2009 e 2019, ambos inclusive, e axentes socias convocados e presentes nestas.
- Número mensual de demandantes de emprego coa demanda suspendida indicando a causa da suspensión pola oficina de emprego entre 2009 e 2019, ambos inclusive.
- Cursos de formación impartidos ao persoal de novo ingreso indicando o temario, duración e datas de celebración.
- Políticas específicas de emprego definidas e desenvoltas dende marzo de 2020.
- Modificacións realizadas aos procedementos de inscrición dos e das demandantes de emprego dende marzo de 2020.

### Comercio:



- Informe sobre que criterios está a empregar o Goberno galego para distribuír os fondos que o Goberno do Estado lle ten transferido á Xunta de Galicia para garantir o mantemento do pequeno e mediano comercio na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre cal foi o destino dos fondos remitidos polo Goberno do Estado para axudas ao pequeno e mediano comercio local.
- Informe sobre o impacto da crise orixinada pola pandemia da Covid-19 sobre o pequeno e mediano comercio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre cales foron as distintas medidas para reducir ao máximo posible ese impacto da Covid-19 no sector do pequeno e mediano comercio.
- Informe sobre o impacto da crise orixina pola pandemia da Covid-19 no sector da hostalería e ocio nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre axudas directas dirixidas a paliar estragos económicos que a Covid-19 está a producir no sector da hostalaría e ocio nocturno en Galicia.
- Informe sobre o impacto da crise orixinada pola pandemia da Covid-19 nos recintos feirais na nosa Comunidade Autónoma.

### **Turismo:**

- Informe do Consello do Turismo de Galicia.
- Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio 2015-2020.
- Estratexia 2020 do Turismo de Galicia.
- Plan Estratéxico do Xacobeo 2021.
- Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021.
- Informe do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago.
- Informe do Consello Asesor dos Camiños de Santiago.
- Informe da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021.
